

O Salón de Plenos do Concello de Verín acolleu esta tarde unha sesión ordinaria na que se abordaron os seguintes puntos:

1. - *Aprobación, se procede, do borrador da acta de sesión extraordinaria urxente de data 01.12.2008 (Acta nº 14/2008).*
2. - *Aprobación, se procede, do borrador da acta de sesión extraordinaria urxente de data 01.12.2008 (Acta nº 15/2008).*
3. - *Moción do grupo municipal do PP de modificación da Lei de Réxime Electoral Xeral sobre o voto das persoas residentes no exterior.*
4. - *Nomeamento representante deste Concello no Consello Escolar do Conservatorio Elemental de Música de Verín.*
5. - *Ordenanza Municipal sobre o civismo, reguladora do uso e limpeza da vía pública e a protección da paisaxe urbanística.*
6. - *Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2008.*
7. - *Dar conta da nova adscrición de membros do grupo político do BNG ás Comisións Informativas.*
8. - *Dar conta do decreto da alcaldía de data 5.12.2008 acordando a resolución definitiva do expediente disciplinario a Juan Rodríguez Larrán.*
9. - *Dar conta dos decretos ditados pola alcaldía e polas distintas concellarías delegadas, en materia de administración local, dende o día 05.11.2008 até o 22.12.2008, ambas as dúas datas incluídas.*
10. - *Informacións e outros asuntos da Presidencia.*
11. - *Rogos e preguntas.*

A situación económica do Concello de Verín segue sendo crítica debido as débedas do goberno tripartito, onde sumando as facturas impagadas a provedores nos anos 2004, 2005 e 2006 alcanzábase a cifra negativa de 971.373.09 €, unha cifra que condiciona a actual política económica do Concello, e que veu condicionada por un 'gasto desbocado e esaxerado en distintas concellarías', como xa advertía o interventor no informe do 23 de maio de 2006, no que se indicaba o seguinte: 'Hai concelleiros que case duplican e algún caso triplican o exceso de facturación permitida nos orzamentos, o que significa que fixeron caso omiso das advertencias efectuadas por esta intervención en relación á necesidade de controlar e diminuír o gasto municipal'. Por este motivo procedeuse, por segunda vez no ano, á aprobación, por unanimidade, do expediente de recoñecemento extraxudicial de nº2/2008, por contía de 219.905.52 euros, e recoñecer as obrigas de pagamento correspondentes para a inclusión dos gastos procedentes do exercicio 2007 e anteriores no orzamento municipal para o presente exercicio 2008 -facturas pendentes do anterior grupo de goberno tripartito, que ascenden a 971.373,09 €, e obrigaron ao actual goberno municipal a realizar un control do gasto-. En palabras do alcalde, Juan Manuel Jiménez Morán, "de pouco vale que o grupo de goberno aforre realizando unha boa xestión dos recursos e diminuíndo o gasto corrente, se absolutamente todo o que obtén por eses conceptos débese dedicar a pagar materiais e subministracións que se adquiriron para o Concello de forma irregular, sen respectar as normas establecidas e excedendo o gasto dispoñible nos orzamentos de 2004, 2005 e 2006 de forma esaxerada, tal e como manifesta o interventor en todos os seus informes". Ademais, engade que "grazas á boa xestión deste ano e medio de goberno puidemos recoñecer un total de 721.849,69 euros. De non existir esta débeda do goberno tripartito, este diñeiro poderíámolo dedicar a investimentos e novas infraestructuras, non a pagar os pufos do goberno anterior".

Este punto aprobouse por unanimidade, ao igual que os dous primeiros puntos e o cuarto, no que se acordou designar como representantes do Concello de Verín no Consello Escolar do Conservatorio Elemental de Música de Verín a M<sup>a</sup> Corona Meixeira Romasanta, como titular, e José Hilario Castro González, como suplente.

Tamén se acordou, cos votos a favor do PP (en contra o BNG e VER.IN, e abstención do PSdeG-PSOE e ADEI-O), a Ordenanza sobre o civismo reguladora do uso e limpeza da vía pública e protección da paisaxe urbanística, “unha ferramenta para establecer unhas normas básicas de comportamento nas vías e demais espazos públicos, que permitan a liberdade das persoas dentro do respecto ao patrimonio urbano e natural da cidade e o coidado do entorno”, manifesta o rexedor. Ao longo da ordenanza regúlanse aspectos como: denominación e rotulación das vías públicas, dereitos e deberes dos habitantes, comportamento cívico, limpeza na vía pública, limpeza exterior de inmobles e publicidade, tenencia de animais, espectáculos e establecementos públicos, e réxime sancionador. Devandita ordenanza, realizada por técnicos, é similar a aprobada noutras cidades de España, e segundo indica o Juan Manuel Jiménez Morán “non se vulnera a liberdade individual senón que se impulsa o respecto entre os veciños, e terá excepcionalidade en festividades como o Entroido”.

Ademais, ao longo da sesión plenaria deuse conta do decreto de alcaldía no que se acordaba a resolución definitiva do expediente disciplinario a Juan Rodríguez Larrán, e da nova adscripción de membros do grupo político do BNG ás Comisións Informativas, quedando do seguinte modo:

- Comisión de Educación, Cultura, Xuventude, Deportes e Igualdade / C. de Sanidade, Medio Ambiente e Servizos Sociais / C. de Agricultura, Comercio, Industria e Turismo / C. de Seguridade Cidadá, Tráfico e Protección Civil: Eloi Domínguez Delgado -titular- e Perfecta Losada Sotelo -suplente-.
- Comisión de Personal, Réxime Interior e Asuntos Xerais / C. de Infraestructuras, Urbanismo e Obras Públicas / C. Especial de Contas e de Economía, Facenda e Patrimonio: Perfecta Losada Sotelo -titular- e Eloi Domínguez Delgado -suplente-.

Ademais, nesta sesión plenaria presentáronse as seguintes mocións:

- Modificación da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral sobre o voto dos residentes exterior, presentada polo PP e aprobada cos votos a favor do grupo de goberno (en contra PSdeG-PSOE e BNG, abstención de ADEI-O e VER.IN); na que se acordou a aprobación da proposición desta Lei Orgánica para posibilitar a homoxeneización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía.
- Esixir ao Goberno da Nación que inste canto antes o procedemento de disolución dos Concellos dirixidos por ANV, que se vete o destino do diñeiro do Fondo Estatal de Investimento Local nos que se beneficiaría a devanditos concellos, para repartirse entre ás Deputacións Forais respectivas e o traslado deste acordo o Presidente do Goberno. Devandita moción, presentada polo PP, aprobouse a ratificación de urxencia cos votos a favor de PP e ADEI-O (abstención dos restantes grupos políticos), e a posterior votación co apoio do grupo de goberno e ADEI-O (en contra o BNG e abstención do PSdeG-PSOE e VER.IN).

- Creación cunha Comisión de Seguimento das obras do Fondo Estatal de Inversión Local, na que participen aos portavoces de todos os grupos políticos existentes no Concello, a un membro de AEVER e outro da Asociación de Constructores. Esta moción, presentada polo PSdeG-PSOE, foi rexeitada na súa ratificación de urxencia cos votos do PP, onde Juan Manuel Jiménez Morán asegurou que “todos os procedementos que se realizan neste Concello son públicos e legais. Nesta ocasión, a comisión estará integrada polos responsables do grupo de goberno e técnicos municipais, ao igual que se realizou no Concello de Ourense, gobernado por PSdeG-PSOE e BNG”.

- Convocatoria dun pleno extraordinario para debate e aprobación das obras que o Concello propoña para a súa inclusión no denominado Fondo Estatal de Investimento Local. Devandita moción, presentada polo BNG, foi rexeitada na súa ratificación de urxencia polo PP, que indicou que “non só se exporá nun pleno devandita cuestión senón que se realizará unha comisión de portavoces onde se informará de cada unha das inversións”, asegurou Juan Manuel Jiménez Morán.

No apartado de rogos e preguntas interviñeron todos os portavoces dos grupos políticos.